



ponteceso, 13/5/2015

Cultura

A exposición itinerante Manuel Rodríguez López chega a Ponteceso

- Por [Xornal de Lugo](#)
- 12 mayo, 2015

Temas

[Fundación Eduardo Pondal](#)[Galicia Digital](#)[Manuel Rodríguez López](#)[Ponteceso](#)

Na Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso vaise abrir ao público este mércores, ás cinco da tarde, a exposición MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, sobre a vida e obra do escritor de Paradela, fillo predilecto dese concello, e que da nome á Casa municipal de Cultura e a un Certame Literario do que se está a celebrar a vixésima edición.

A mostra forma parte do PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ emprendido por Galicia Digital (www.galiciadigital.com) e a familia do escritor, coapoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia (Secretarías Xerais de Política Lingüística e de Cultura), a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a Real Academia Galega.

Esta mostra itinerante comezou o seu percorrido en Paradela para logo expoñerse en Lugo – Museo Provincial- no San Froilán de 2013, e logo en Begonte, Paradela, Portomarín, Sarria, Vilalba, Santiago, A Coruña, Barcelona e Madrid. E, no pasado mes de abril, de novo en Lugo na Biblioteca Nodal. Despois de Ponteceso, onde permanecerá ata finais do presente mes, será instalada na Biblioteca Anxo Casal de Santiago de Compostela.

Está composta por oitopaneisdobres, nos que se reflicte de xeitomoigráfico a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreirogalego do século XX, que escribiu en Cataluña a maior parte da súa obra, e foi, ademais dun grande animador das actividades galegas en Cataluña, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes no país catalán.

Na inauguración desta exposición na Fundación Pondal de Ponteceso participarán representantes da Xunta de Galicia, da Fundación Eduardo Pondal, a familia do escritor e responsables de Galicia Digital.



[Notas de prensa](#)

Exposición de Manuel Rodríguez López na Fundación Eduardo Pondal, en Ponteceso

Na Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso vaise abrir ao público o mércores 13 de maio, ás cinco da tarde, a exposición Manuel Rodríguez López sobre a vida e obra do escritor de Paradela, fillo predilecto dese concello, e que da nome á Casa municipal de Cultura e a un Certame Literario do que se está a celebrar a vixésima edición.



A mostra forma parte do PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ emprendido por Galicia Digital e a familia do escritor, coapoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia (Secretarías Xerais de Política Lingüística e de Cultura), a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a Real Academia Galega.

Esta mostra itinerante comezou o seupercorrido en Paradela para logo expoñerse en Lugo – Museo Provincial- no San Froilán de 2013, e logo en Begonte, Paradela, Portomarín, Sarria, Vilalba, Santiago, A Coruña, Barcelona e Madrid. E, no pasado mes de abril, de novo en

Lugo na Biblioteca Nodal. Despois de Ponteceso, onde permanecerá ata finais do mes de maio, será instalada na Biblioteca Anxo Casal de Santiago de Compostela.

Está composta por oitopaneis dobles, nos que se reflicte de xeitomoí gráfico a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiroalego do século XX, que escribiu en Catalunya a maior parte da súa obra, e foi, ademais dun grande animador das actividades galegas en Catalunya, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes no País catalán.

Na inauguración desta exposición na Fundación Pondal de Ponteceso participarán representantes da Xunta de Galicia, da Fundación Eduardo Pondal, a familia do escritor e responsables de GaliciaDigital.

X.X., 2015-05-12

Exposición de Manuel Rodríguez López en Ponteceso



Na Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso vaise abrir ao público mañá, mércores, ás cinco da tarde, a exposición Manuel Rodríguez López, sobre a vida e obra do escritor de Paradela, fillo predilecto dese concello, e que da nome á Casa municipal de Cultura e a un Certame Literario do que se está a celebrar a vixésima edición.

A mostra forma parte do Proxecto Manuel Rodríguez López emprendido por Galicia Digital (www.galiciadigital.com) e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia (Secretarías Xerais de Política Lingüística e de Cultura), a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a Real Academia Galega.

Esta mostra itinerante comezou o seu percorrido en Paradela para logo expoñerse en Lugo – Museo Provincial- no San Froilán de 2013, e logo en Begonte, Paradela, Portomarín, Sarria, Vilalba, Santiago, A Coruña, Barcelona e Madrid. E, no pasado mes de abril, de novo en Lugo na Biblioteca Nodal. Despois de Ponteceso, onde permanecerá ata finais do presente mes, será instalada na Biblioteca Anxo Casal de Santiago de Compostela.

Está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte de xeito moi gráfico a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Catalunya a maior parte da súa obra, e foi, ademais dun grande animador das actividades galegas en Catalunya, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes no País catalán.

Na inauguración desta exposición na Fundación Pondal de Ponteceso participarán representantes da Xunta de Galicia, da Fundación Eduardo Pondal, a familia do escritor e responsables de Galicia Digital.



Festiletras ha añadido 7 fotos nuevas — en Aldea Do Couto.

13 de mayo ·

👍 Me gusta esta página

Inauguración da exposición itinerante Manuel Rodríguez López. Emigrante Galego. Poeta Obreiro na FEP Fundacion Eduardo Pondal

<http://www.manuelrodriguezlopez.org/>

#Festiletras2015



O café de pota de Óscar de Toro, todo un éxito



A master clasdeixoumoibo de sabor de boca, ao igual que a exposición sobre Manuel Rodríguez

14 de mayo de 2015. Actualizado a las 05:00 h.

Na tarde de onte, Óscar de Toro ofreceuunha máster class de café de pota na sede da Fundación Eduardo Pondal. Bo recendo para acompañar tamén a exposición que quedou inaugurada, sobre o poeta Manuel Rodríguez López. Unha casa, pois, chea de contido.

ESCRITO DA FAMILIA DE MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ

Benqueridas amigas e amigos:

É motivo de orgullo para a familia de MRL asistir hoxe en Ponteceso á presentación da exposición itinerante do noso poeta obreiro, emigrante galego e Fillo Predilecto de Paradela. Aproveitamos para agradecer a todos os que fan posible a pervivencia de Manolo na memoria dos galegos e en especial ó Concello de Ponteceso por abrírnos as súas portas e acoller garimosamente esta exposición.

Por medio dos paneis desta exposición pódese comprender quen foi MRL e quen é MRL hoxendía. Os que non coñecedes ó poeta de Paradela, podedes descubrir a súa vida e a súa obra a través dos paneis desta exposición itinerante. Nacemento en Randulfe (Paradela), emigración a Barcelona cando tiña 6 anos, estudo dunha carreira sacerdotal que non remataría, matrimonio con Irene López Gómez, pai de dous fillos, xefe de personal dunha industria siderometalúrxica que máis tarde o deixaría no paro laboral, son algunhas das pinceladas vitais en forma de texto e imaxes que se fan visibles ós curiosos da vida dun escritor comprometido con Galicia. Un poeta obreiro que foi testemuña (agora novamente de actualidade) dos acedos dos emigrantes, do traballo na gran cidade. Un narrador da saudade pola súa terra natal. Un cronista de tódolos actos dos galegos en Catalunya. Un viaxante xunto con Anxel Fole nas vacacións en Galicia. Un tradutor da meirande obra da poesía catalana. Un xove que quere medrar como escritor galego buscando o contacto epistolar con persoeiros da literatura galega, entablando amizade con Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Piñeiro, Manuel Puente, Manuel María, Alonso Montero, Filgueira Valverde, e un longo etc. Un home que, segundo os que o coñeceron, foi bo e xeneroso, e, en verbas de Xulio Xiz, excelentísimo e señor. Un bo escritor, que coidamos merece ser máis coñecido polos galegos por ser un bo exemplo de bonhomía e galeguidade.

Pero MRL nos só foi, senón que aínda é. E é gracias a iniciativas de amigos e institucións que posibilitan a súa pervivencia vencendo á negra sombra. Esta exposición itinerante está integrada no proxecto MRL. Un aspecto fundamental deste proxecto deseñado e impulsado por GaliciaDixital e apoiado polo Concello de Paradela, a Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo, O Concello de Lugo e a Real Academia Galega, é o portal web de MRL creado por Antonio Giz, que amplía todos os aspectos recollidos nesta exposición itinerante. No portal web MRL atópase a obra completa do poeta de Paradela xunto cunha detallada e extensa colección de variados aspectos da súa vida e obra cun total de máis de 5 xigas de arquivos de artigos de prensa, libros, fotografías, audios e videos. O proxecto tamén promoveu varias publicacións, destacando unha Antoloxía Poética de MRL ideada polo amigo D. Xesús Alonso Montero e un longo etcétera de iniciativas e homenaxes.

O Proxecto MRL existe e é un éxito gracias a un gran número de persoas e institucións. A familia de MRL queremos agradecer fondamente a todos eles polo seu decidido apoio. Destacar ós amigos de GaliciaDixital, idearios e incansables impulsores do proxecto. O Concello de Paradela encabezado polo seu Alcalde, Don Xosé Manuel Mato Díaz, un dos meirandes responsables do recoñecemento público a MRL nas últimas décadas que tamén lidera o Certame literario MRL, motor impulsor de homenaxes constantes cara o poeta de Paradela. A Xunta de Galicia por medio do Secretario Xeral de Política Lingüística Valentín García e do Secretario Xeral de Cultura Anxo Lorenzo. Destacar o apoio incondicional de Valentín García, a súa amizade verdadeira e a súa presenza na práctica totalidade dos actos en

lembranza de MRL. Tamén agradecemos á Deputación de Lugo e ó Concello de Lugo co apoio de Mario Outeiro e Carme Basadre, respectivamente. E de xeito especial á Real Academia Galega por medio do seu Presidente, amigo e mestre de MR, o catedrático D Xesús Alonso Montero, verdadeiro estandarte na honra de Manolo tanto en vida como nesta nova vida que MR está a vivir vencendo a negra sombra.

Animámosvos a sumerxirvos na información desta exposición como primeiro paso para coñecer a vida e obra de MRL, desexando que sirva como exemplo e referencia vital reflexados na súa poesía e narrativa.

Moitas gracias a todos polo voso apoio e pola vosa presenza.

Inauguración da Exposición Itinerante en Ponteceso (Maio 2015)

